



XV MITEU

Mostra Internacional de Teatro Universitario de Pontevedra 2024



XV MITEU

Mostra Internacional de Teatro Universitario de Pontevedra 2024

Teatro Principal de Pontevedra

Mércores 24 de abril ás 20.30 h

Tomás. “Cuando el silencio es complicidad”

- **Sin Mente Teatro, Colombia.**
- **Elenco:**
Diana Rocha Torres, Edna Rocío León e Diego Cañón.
- **Ficha artística e técnica:**
Dirección: Germán Frasio Montegimeno.
Dramaturgia: Edna Rocío León Mahecha.
Músico: Diego Cañón.
Arte: Annabelle Bruyas.
Vestuario: Mariana Castiblanco e Nacor Andrade.
- **Duración:** 45 minutos.
- **Sinopse:** O sentimento de culpa é un verme que roe a vida de “Ella”. Foi testemuña dun episodio escuro na infancia do seu amigo Tomás, converténdose no escudo que amortizou os traumas. O seu silencio é unha condena que a fixo cómplice e o seu presente faise pesado polos recordos que a atormentan. A través da linguaxe corporal, actoral, visual, musical e manexo de títere, esta obra ofrece ao espectador unha posta en escena cargada de imaxes e sensacións que transitan entre alegrías e penas.

Venres 26 de abril ás 20.30 h

Antropoloxía do bico (O síndrome do túnel carpiano)

- **Aula de Teatro da USC Santiago**
- **Elenco:** Laura Valeiras e Paulinho Mouriño Pereiro.
- **Ficha artística e técnica:**
Posta en escena: Roberto Salgueiro.
Imaxe: Roberto Salgueiro.
- **Duración:** 40 minutos.
- **Sinopse:** Cal é a finalidade principal da boca? Comer, morder, falar? Non, bicar. A ausencia ou presenza dos bicos na nosa vida diaria determina o que pensamos, o que queremos, o que odiamos, á que lle temos medo e porque repetimos incansablemente as mesmas accións, como amasar a fariña ou ensaiar coa guitarra, por exemplo. Outros fan atletismo ou len.

Luns 29 de abril ás 20.30 h

Desequilibrios

- **Aula de Teatro do Campus de Ourense. Uvigo. Grupo Maricastaña 2024.**
- **Elenco:**
Nerea Rodríguez, Carmen Blanco, Miguel Estévez, Marisol Amoeiro, Lola Fernández, Antonio Praza, Gonzalo Otero, Tatiana González, Iria Losada, Nuria Saco, Irene Pérez, Antonio Miranda e Iván Iglesias.
- **Ficha artística e técnica:**
Dramaturxia, escenografía e dirección: Fernando Dacosta.
Iluminación, *abrezzo* e técnicos de xira: José Manuel Bayón e Rubén Dobaño.
Vestuario e complementos: Tegra.
Cartaz e programa: Pablo Otero.
Música: Renata Codda Fons.
- **Duración:** 80 minutos.
- **Sinopse:** O manicomio é o lugar onde van parar as persoas que son diferentes, que non encaixan nunha sociedade que busca o (seu) equilibrio para poder ter todo controlado de cara á produtividade. O tolo, o desequilibrado, é recluído e tratado co fin de recuperarse para esa sociedade: non debe saír dos cánones establecidos. Sucede que o manicomio está obsoleto e o tratamento de shock que reciben as persoas díscolas está sendo cuestionado. Achégase un cambio, pero sempre que un imperio está a piques de desmoronarse ataca con todas as súas forzas e fará todo o que poida para acabar coa insumisión. Esta é unha historia de forzas en oposición: as daquelas persoas que teñen o poder e queren perpetuarse nel e as que o cuestionan desde a súa loucura. É tamén unha historia de amizade, de revolta, de represión, de creatividade, de amor, de liderazgo, de sacrificio. Contén o humor e a morte, a comedia e a traxedia, como a vida mesma. Pon diante de nós os desequilibrios que afrontamos cada día. O lado da balanza no que decidamos poñernos é cousa nosa.

Xoves 2 de maio ás 20.30 h

Soño dunha noite de verán

- **Aula de Teatro do Campus de Vigo. UVigo**
- **Elenco:** Andrea Busto Castiñeira, Antón Abal Rúa, Aroa Blanco Escanciano, Azael Durán Alonso, Cecilia Jiménez López, Juan Diego Comesaña Lorenzo, Laura Alonso Estévez, Laura Pousada Barrio, Lidia Gutiérrez Marín, María Luísa Fernández Arrabal, Miguel Rodríguez Carretero, Natalia Sías Paramos, Sofía Fernández Cidrás e Yerai Orts Covelo.
- **Ficha artística e técnica:**
Dirección: Casilda Alfaro e Sonia Rúa.
Vestuario: Sonia Rúa.
Escenografía: Ningures.
Iluminación: Héctor Pazos. Fotografía e cartel: Diego Seixo.
- **Duración:** 70 minutos.
- **Sinopse:** Durante os días previos ás nupcias de Teseo e Hipólita, Herminia e Lisandro, dous mozos namorados, fuxiron da cidade para poder casar en segredo. O pai de Herminia quere casala con Demetrio e desaproba esa relación. Foron seguidos ao bosque por Demetrio –namorado de Herminia – e Helena –namorada de Demetrio. Nese bosque habitan seres máxicos, como Oberon e Titania, rei e rainha das fadas, que logo dunha das súas múltiples pelexas, e grazas ao máxico elixir dunha bela flor, farán que toda a realidade se altere. Desta maneira, os namorados namoraránse de quen non corresponde, e ata a mesma rainha das fadas acabará amando... a quen non debe. Ao final, ninguén saberá dicir se todo o ocorrido foi verdade ou... un soño. Mentres todo isto sucede, unha compañía de cómicos, ensaia unha comedia que representarán na voda de Teseo e Hipólita.

Venres 3 de maio ás 20.30 h

Estupidez Artificial

- **Grupo: Aula de Teatro do Campus de Pontevedra. Uvigo.**
- **Elenco:** Carolina Rufián García, Xaime Reboiras, Suso Riveiro Bello, Luísa Silvela Costoya, Mabel Fernández Comesaña e Xulio Mera González.
- **Ficha artística e técnica:**
Dirección: Omar Ferrín e Salvador del Río.
Escenografía: Ningures.
Música: Xaime Reboiras.
Vestuario: Sonia Rúa.
- **Duración:** 50 minutos.
- **Sinopse:** En Estupidez Artificial contamos tres historias que teñen como nexo común a intelixencia artificial, unha ferramenta chamada a revolucionar a maneira que os seres humanos teñen ou terán que relacionarse. A búsqueda de compañía para escapar da soedade, a búsqueda de inspiración dun artista frustrado ou a búsqueda da fórmula para dominar o mundo constitúen as máximas dos protagonistas da montaxe.